

AO ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Xabier Canabal Fernández, con domicilio a estos efectos na localidade de Boqueixón (Aldea de Pazos 21 – Lestedo 15881 Boqueixón), con DNI: 78796120Y e concelleiro da Corporación de Boqueixón, comparece e como mellor proceda en Dereito,

EXPÓÑO:

I.- Que mediante o presente escrito interpoño **RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DUN BEN DE DOMINIO PÚBLICO PARA A INSTALACIÓN DUN TANATORIO, ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN CON DATA 7 DE MARZO DE 2013** (punto número 16 da orde do día).

II.- Que dito recurso se basea nos seguintes

FUNDAMENTOS DE FEITO:

Primeiro: Con data 26 de outubro de 2012 o pleno da corporación aprobou, cos votos favorables do PP e en contra dos dous representantes do grupo mixto, o cambio de uso de parte da parcela onde se sitúa o inmóvel da casa da cultura, sita no lugar da Silveira, parroquia de Santa María de Oural, propoñendo clasificar o uso da parcela como "*equipamento socio cultural e sanitario asistencial*" ao fin de poder ubicar o tanatorio na planta baixa da casa da cultura.

Xa nesta sesión plenaria, o propio compareciente argumentara que pese a estar en perfecta sintonía co equipo de goberno en canto á necesidade dun tanatorio (ou velorio) no Concello, á vista da proposta presentada, confirmábase:

- A Falta de planificación no concello de Boqueixón, ao ter que recurrir a unha casa da cultura para ubicar un tanatorio.
- Os bandazos do Equipo de Goberno nesta materia ao ter proposto nos últimos seis anos 5 ubicacións diferentes sen un resultado positivo ata o momento.
- A clara incompatibilidade de usos en tanto a Casa da Cultura de Camporrapado é a única de todo o concello que dispón dun salón de actos apto para realizar multitud de actos: Conferencias, Teatro, Música, Actividades para os nenos, para os vellos... que serían incompatibles co uso do mesmo edificio para o Tanatorio Municipal.
- A ubicación do único Tanatorio Municipal nunha das esquinas do Concello, sen ter en conta ao concello como un todo, tentando ubicar o servizo nun punto céntrico cómodo para a maioría da poboación do concello.

Segundo: No pleno extraordinario da Corporación celebrado o 21 de decembro de 2012 aprobase, cos votos a favor do PP e en contra dos dous concelleiros do grupo mixto, a iniciación do expediente para a concesión privativa dun ben de dominio público para a instalación dun tanatorio – velorio, e a aprobación do prego de claúslulas administrativas que han rexer a concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio – velorio sito na planta baixa do local social de Camporrapado.

Asemade no mesmo punto inclúese un proxecto básico de acondicionamento parcial da planta baixa da casa da cultura de Camporrasado para velorio, cuxo orzamento ascende a 239.471,52 €.

Terceiro: O anuncio de licitación da concesión do uso privativo do dominio público municipal para a instalación explotación dun tanatorio velorio sae publicada no BOP da Coruña Nº 10 do 15 de xaneiro de 2013.

Neste anuncio especificase:

- **Tipo de licitación:** establecése un canon mínimo de 3.000 €/ano que terá que aboar ao concello.
- **Prazo de execución:** a concesión outorgase por un prazo de 20 anos improporrogables.

Cómpre destacar que a clausula número 11 do prego, no referente aos dereitos e deberes do concesionario, concretamente no punto 6 das obrigas se especifica que son obrigas do concesionario executar as obras sinaladas no proxecto, proxecto básico aprobado no pleno do 21 de decembro valorado en 239.471,52 €. Porén, e a xuizo do comparecente, sorprende que en ningún sitio do anuncio se fale deste extremo, punto fundamental para a licitación da concesión do uso privativo e para a súa instalación.

Cuarto: Antes de iniciar o expediente para a concesión privativa do ben de dominio público para a instalación dun tanatorio – velorio (iniciada como se dixo por acordo plenario de 21 de decembro de 2012), concretamente o 10 de setembro de 2012, con rexistro de entrada no concello do 12/2177, recíbese un escrito da Funeraria Casablanca, S.L. (que finalmente foi o adxudicatario do contrato), onde textualmente se expresa:

“Estimado señor,

Una vez conocida la existencia del proyecto que usted promueve para la construcción de un tanatorio en el Concello de Boqueixón, concretamente en el lugar de Camporrapado me gustaría manifestarle el interés de Funeraria Casablanca, S.L. en optar a la consecución de la gestión e explotación comercial del mismo mediante concurso público.

Me agradaría tener una entrevista personal con Usted para comentar algunos puntos que creo pueden ser de su interés por lo que me pongo a su disposición para una próxima cita.”

Tendo en conta que o expediente non se iniciara, nem tan sequer o cambio de uso da parcela onde se ubica a Casa da Cultura de Camporrapado (realizado o cambio de uso como xa se expuxo no punto primeiro dos antecedentes de feito o 26 de outubro de 2012), pódese inferir que algúinha empresa do sector tiña información privilexiada, tendo a posibilidade pois de influir de antemán na elaboración dos pregos que finalmente foron aprobados no pleno extraordinario que a corporación celebrou o 21 de decembro de 2012 (tres meses despois da carta remitida pola funeraria Casablanca ao Concello de Boqueixón).

Quinto: O pasado 7 de Febreiro de 2013, reuniese a Mesa de Contratación no salón de plenos do concello, para proceder coa apertura das plicas presentadas na concesión do uso privativo de dominio público para a explotación dun tanatorio – velorio situado na planta baixa do local social de Camporrapado, sesión presidida polo Sr. Manuel Mouríño Varela e actuando de Secretaria a funcionaria Sra. Adela Lamela Arteaga.

Nesta sesión, o propio comparecente do recurso de reposición e vogal tamén da mesa de contratación fai constar en acta o seguinte:

"Nos pregos da contratación, no art. 8.1 despois do nome da secretaria da mesa de contratación pon: "Terminado o prazo de presentación de solicitudes, a mesa reunírase o terceiro día hábil seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes, en acto non público co único obxecto de comprobar as solicitudes presentadas e a documentación administrativa do SOBRE 1". Polo tanto non se cumpriron os pregos e o sobre da documentación xa estaba aberto".

A secretaria da mesa explica que debido a que había unha soa oferta e a que o acto non era público abriuse a documentación administrativa para comprobar que estaba correcta, e no caso de que non estivera correcta comunicársela á empresa no prazo indicado para subsanala. Explica que non hai consignación presupostaria suficiente para realizar máis de 3 mesas de contratación e debido a que neste ano se van a sacar máis concursos non chega o dñeiro para facer os pagamentos ós concelleiros.

E por iso, porque se incumpriron os pregos de contratación polo que tanto o comparecente como o Sr. Calvelo votaron en contra da proposta de adxudicación nesta mesa de contratación.

Sexto: Lonxe de declarar nulo o concurso por vicios más que evidentes na súa tramitación administrativa, a Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2013, clasifica as ofertas de concesión do tanatorio (punto 9 da orde do día), requeríndolle a documentación á empresa gañadora (Xustificantes de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributaria e coa seguridade social, presentación do correspondente aval polo importe do 5% do importe ofertado, excluido o IVE e acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato).

Sétimo: Finalmente é a propia Xunta de Goberno Local do 7 de marzo de 2013 (no punto 16 da orde do día), a que adxudica o contrato de concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio situado na planta baixa do local social de Camporrapado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- Competencia.

O recurso poderá interporse ante o órgano que dictou o acto que se impugna. Polo tanto, ao ser un acto que dictou a propia Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, é competencia do Alcalde Presidente do Concello de Boqueixón, na súa calidade de Presidente da Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, nos termos establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Segundo.- Prazo.

O presente recurso de reposición interpone dentro do prazo establecido para isto no artigo 117 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, toda vez que dito prazo é dun mes. Repárese en que o acto impugnado é de 7 de marzo de 2013, notificado mediante comunicación electrónica (contido na acta da Xunta de Goberno Local de 7 de marzo de 2013) o pasado 13 de marzo de 2013.

Terceiro.- Fondo del asunto.

O comparecente, agora recurrente impugna a ádxudicación do contrato de concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio situado na planta baixa do local social de Camporrapado ao consideralo un procedemento viciado tal e como se indica nos fundamentos de feito e ademais incumprirse dunha maneira concisa o prego de clausulas administrativas aprobado na sesión plenaria de 21 de decembro de 2012, e recoñecido na propia sesión da mesa de contratación do 7 de febreiro de 2013, tal e como se recolle explícitamente na acta da sesión.

Por outro lado, cómpre ter en conta o artigo 62 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que se recolle a nulidade de pleno dereito dos actos administrativos.

Artigo 62. Nulidade de pleno dereito.

- 1. Os actos das Administracións públicas son nulos de pleno dereito nos casos seguintes:**
 - a) Os que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.**
 - b) Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.**
 - c) Os que teñan un contido imposible.**
 - d) Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se dicten como consecuencia desta.**
 - e) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido ou das normas que conteñan as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.**
 - f) Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico polos que se adquieren facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.**
 - g) Calquer outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.**
 - 2. Tamén serán nulas de pleno dereito as disposicións administrativas que vulneren a Constitución, as leis ou outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á Lei, e as que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.**
-

Por outra parte o artigo 111 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, dispón o seguinte:

-
- 1. A interposición de calquer recurso, agás nos casos en que unha disposición estableza o contrario, non suspenderá a execución do acto impugnado.**
 - 2. Porén no disposto no apartado anterior, o órgano a quien competa resolver o recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre o perxuizo que**
-

causaría ao interese público ou a terceiros a suspensión e o perxuízo que se causa ao recurrente como consecuencia da eficiacia inmediata do acto recurrido, poderá suspender, de oficio, ou a solicitude do recurrente, a execución do acto impugnado cando concurran algunha das seguintes circunstancias:

- a) Que a execución poidera causar perxúizos de imposible ou difícil reparación.**
 - b) Que a impugnación se fundamente en algunha das causas de nulidade de pleno dereito previstas no artigo 62.1. desta Lei.”**
-

A xuízo do recurrente, procede suspender a adxudicación do contrato de concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio mentres non se resolva o presente recurso de reposición, pois a suspensión, que depende do propio Alcalde ou da Xunta de Goberno Local, non causa perxúizos ao interese público e, pola contra, a non suspensión si pode causar perxúizos tanto ao interese público como á propia empresa concesionaria deste concurso con graves vicios tal e como se manifestou no presente escrito.


É así que en virtude de todo o exposto

SOLICITO:

- 1. Que se teña por recibido o presente Recurso de Reposición ao fin de que se subsanen os erros administrativos na súa tramitación.**
- 2. A suspensión temporal da adxudicación do Contrato de concesión do uso privativo de dominio público municipal para a explotación e mantemento dun tanatorio mentres se tramite e resolva o presente recurso de reposición.**

En Boqueixón, o 20 de marzo de 2013.

Asdo.



Xabier Canabal.
Concelleiro.

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN